CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Identifica a familia e a escola como os primeiros grupos sociais	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respecta a temporalización das actividades adaptándose ás rutinas con respecto cara os demais	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Valora a importancia das relacións sociais	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Desenvolve habilidades grafomotrices progresando no control e precisión	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa e interacciona cos demais con actitudes de afecto, empatía e con trato non discriminatorio	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Descubre as profesións e valora a súa importancia na sociedade	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Participa en actividades que implican reflexionar sobre as normas sociais e os valores	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Identifica elementos e personaxes da cultura galega	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Desenvolve destrezas e habilidades na xestión de conflitos	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades relacionadas coa cultura e a contorna con interese	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Recorre á biblioteca como fonte de recursos e gozo, respectando as normas de uso	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Goza coa lectura de textos literarios	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Percibe e identifica sons	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Interpreta propostas dramáticas e musicais , explorando diferentes instrumentos.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos demais de maneira respectuosa	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións e pensamentos a través das diversas manifestacións gozando do proceso	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa gustos e opinións dobre manifestacións artísticas	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Elabora creacións plásticas a partires de mensaxes noutras linguaxes	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explorar as posibilidades expresivas do corpo	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Axustar o seu movemento ao espazo .	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar as producións dos demais de forma respectuosa	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Interactúa de xeito virtual	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Expresa mediante ferramenta e aplicacións dixitais	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.

Contidos

- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respetto dos seus dereitos.
- Respetto e protección do medio natural. Respetto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A escola.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

Contidos

- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
3	EXPERIMENTANDO	254

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos	TI
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa en situacións comunicativas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas a través de distintas manifestacións	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións e ideas a través de manifestacións artísticas e culturais.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece elementos xeométricos básicos	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Recoñece as súas posibilidades e limitacións creando unha imaxe positiva de si mesmo	
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	É capaz de adaptar o corpo ás respostas motrices tendo en conta o entorno no que se atopa	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Sítuase adecuadamente en espazos habituais aplicando nocións espaciais básicas	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Amosa interese por participar nos xogos, adaptando a súa resposta motriz ás características do mesmo	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Describe e representa graficamente utilizando vocabulario topolóxico básico	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica e valora as semellanzas e diferenzas nas persoas	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Recoñece e utiliza nocións temporais básicas	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa útiles no xogo e nas tarefas	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participa en situacións de uso de diferentes linguas	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica e manifesta sentimentos e comprende os dos demais	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Xestiona situacións planificando a súa actividade	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Identifica e expresa as súas necesidades, controlando as emocións	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Utiliza diferentes estratexias buscando solucións aos retos que se lle presentan	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Relaciónase coas demais persoas empregando algunhas expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adapta o seu comportamento as diferentes situacións	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Programa secuencias de acción para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas, situacións cotiás e xogos.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Expresa as súas inquietudes e preferencias mostrando satisfacción polo logros conseguidos	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Percibe sons da lingua aumentando o repertorio	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Amosa unha actitude de respecto e coidado co medio natural	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Interpreta as mensaxes dos demais	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles para as persoas	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Fai uso funcional da linguaxe oral	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Descubre e recoñece elementos identificativos do noso patrimonio	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve actividades da vida cotiá	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Valora e respecta os seres vivos	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Manifesta satisfacción por participar en xogos e situacións da vida cotiá confiando nas propias posibilidades	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Identifica a familia e a escola como grupo sociais de pertenza e valora afectivamente as relacións que se establecen	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Amosa interese por comunicarse	
CA4.2 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respecta a temporalización das actividades e participa das rutinas respectando aos demais	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Valora a importancia das relacións sociais	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa en xogos colectivos con actitudes de afecto e respecto e evitando calquer tipo de discriminación	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Desenvolve as habilidades grafomotrices	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Descubre as profesións e o seu valor e importancia na sociedade	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Participa en actividades relacionadas coa interiorización de normas e valores	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa em actividades tradicionais da contorna	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Recorre á biblioteca como fonte de información e gozo	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Goza cos textos literarios	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Interpreta propostas dramáticas e musicais, empregando diferentes instrumentos.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos demais de forma respectuosa.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións e ideas a través de manifestacións artísticas e culturais.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa gustos e preferencias sobre distintas manifestacións artísticas, ofrecendo un argumento sinxelo.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa ideas e pensamentos a través das manifestacións plásticas, artísticas e culturais.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa as súas preferencias sobre as distintas manifestacións artísticas	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explora as posibilidades expresivas do corpo.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Axusta o movemento do seu corpo ao espazo dispoñible.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos demais de forma respectuosa.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Interactúa de maneira virtual	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.

Contidos

- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.
- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.
- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.

Contidos

- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A escola.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.

Contidos

- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía na etapa de Educación Infantil é moi importante. Así pois, nas nosas aulas sempre empregaremos unha metodoloxía activa, participativa e significativa, na que o noso alumnado sempre será o centro e a figura de mestra será unha guía na aprendizaxe do noso alumnado.

Así pois, empregaremos os seguintes principios:

* Principio de aprendizaxe significativa, partir dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, que conecte cos seus intereses e coas súas necesidades e que lles propoña actividades atractivas dabondo para que aprecien de maneira sinxela e clara a finalidade e a utilidade dos novos contidos que van desenvolvendo. Para isto teremos en conta os seguintes requisitos:

- Detectar os coñecementos previos do alumnado para poder realizar a intervención axeitada.
- Presentar situacións que non estean moi afastadas nin excesivamente próximas ás súas experiencias para provocar o conflito cognitivo que actuará de resorte para que os nenos e as nenas propoñan solucións para cada situación.
- Organizar os contidos tendo en conta que é o neno ou a nena ten que asimilalos. O establecemento de contidos que actúen como organizadores previos, a planificación de eixes temáticos, centros de interese ou fíos condutores e o repaso regular e periódico dos contidos abordados con anterioridade contribúen a que os nenos e as nenas sintan confianza e seguridade ante as situacións que se lles presenten.

* Principio de globalización, trátase dun proceso global de achegamento á realidade que se quere coñecer. Este proceso será frutífero se permite establecer relacións e construír significados máis amplos e diversificados.

* A actividade é a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento dos nenos e das nenas. Cómpre tanto para o seu desenvolvemento físico e psicomotor, coma para a construción do coñecemento.

* Ensinanza activa, darlle tempo e ocasión a que o neno e a nena participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe. A través da acción e da experimentación, os nenos e as nenas expresan os seus intereses e as súas motivacións e descubren relacións, propiedades de obxectos, formas de actuar, normas. En definitiva, aprenden.

* Xogo; é necesario dotar de carácter lúdico as tarefas. O xogo é a actividade principal que realizan, favorece a elaboración e o desenvolvemento das estruturas do coñecemento. O xogo é o vehículo que utilizan para se relacionaren e para aprenderen da realidade que os rodea.

* Interacción con outros nenos e con outras nenas, sendo un importante recurso metodolóxico que os axuda no seu proceso social, afectivo e intelectual. Neste sentido, a escola debe ofrecer espazos e materiais que axuden a crear un ambiente de xogo estimulante e que teña en conta as necesidades do alumnado.

* A motivación é absolutamente necesario que neno e nena se sintan atraídos cara á aprendizaxe.

* Principio de socialización. O egocentrismo é un trazo propio nestas idades e cómpre que o superen. Neste sentido propoñeremos actividades de grupo nas que os nenos e as nenas aprenderán comportamentos e normas, así como a compartir, a respectar, a participar e, en definitiva, a relacionárense cos demais. Desenvolverán a súa capacidade de relación, a súa autonomía e a súa independencia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Materiais da unidade didáctica: bits, láminas, murais,...

Materiais de refugallo

Recursos TIC: pizarra, ordenador,...

Materiais de expresión plástica: pinturas, sellos,
Recursos humanos: persoal docente e non docente, familias, alumnas/os
Materiais de recantos, biblioteca, psicomotricidade, música

Dentro deste apartado distinguimos tanto recursos materiais como humanos. Dentro dos primeiros inclúese o propio equipamento das aulas (mobiliario, estanterías, armarios) e todo tipo de materiais (funxibles, non funxibles e de desfeito), distintos recipientes para o almacenamento do material, materiais gráficos e diversos utensilios e útiles. Dentro dos recursos humanos están as titoras, as mestras de apoio e os especialistas de educación musical, inglés, de audición e linguaxe e de relixión para aqueles alumnos/as que solicitaron dita materia. Asimesmo tamén as familias se implicarán en moitas das actividades levadas a cabo e outro tipo de persoal alleo ó centro que ó longo do curso poden asistir a dar charlas, a contar contos, a escenificar algunha obra de teatro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Antes de iniciar cada situación de aprendizaxe levarase a cabo unha avaliación diagnóstica ou inicial, que terá como obxectivo identificar e analizar a situación de cada alumno, en comparación cos obxectivos que se pretenden alcanzar. A partir destas análises, poderase adaptar o proceso á realidade e ás necesidades mostradas, para así facelo máis eficaz.

Do resultado que se obtivese, tomaranse decisións para axustar a programación e medidas de atención en consonancia cos principios DUA.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación veñen marcados polo cumprimento dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se desenvolverán de acordo coa escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade; de forma que o alumnado obterá a súa cualificación en base ao grao de logro que observase o docente.

Criterios de recuperación:

Non procede para esta etapa

6. Medidas de atención á diversidade

A adecuada resposta educativa para todos os alumnos e todas as alumnas concíbese a partir do principio de inclusión. Enténdese que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos e de todas, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue todas as etapas educativas e a todos os alumnos e a todas as alumnas, é dicir, trátase de contemplar a diversidade como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

O para dar resposta a todos os alumnos e alumnas, adoptaremos estratexias como:

- Modificación do tempo das aprendizaxes
- Adecuación da axuda pedagóxica.

- Adecuación da metodoloxía: o traballo individual, en parellas, en pequeno grupo e en gran grupo fai posibles secuencias educativas nas que a aprendizaxe ten carácter cooperativo e resulta beneficiosa para todos, á vez que posibilita o acceso ás zonas de desenvolvemento próximo.

- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais do alumnado.

Polo tanto, realizaranse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e que amplíen as dos outros. Ademais das actividades propostas para o traballo diario, cuxa realización está suxeita ó criterio de cada docente, inclúíronse actividades de reforzo e actividades de ampliación; cómpre ter en conta que unhas mesmas actividades poderán ser consideradas como reforzo nun contexto escolar e como ampliación noutro.

Por último, para conseguir unha oferta educativa de calidade, en particular para o alumnado con necesidades educativas especiais, o profesorado da Educación Infantil colaborará cos profesionais especializados necesarios para introducir as adaptacións axeitadas para a atención destes alumnos. Estas adaptacións poden ser non significativas se afectan a determinados elementos do currículo (metodoloxía, actividades, avaliación), pero non modifican os obxectivos; e significativas, se lles afectan ós elementos básicos da programación do nivel da Educación Infantil.

A nosa práctica educativa está fundamentada nos tres principios DUA: proporcionar múltiples formas de representación da información e dos contidos, da acción e expresión e por último a implicación para que todo o alumnado sinta o compromiso e a motivación no proceso de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X	X
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe	X	X	X
ET.4 - Pautas de convivencia e relación social	X	X	X
ET.5 - Descubrimento da Contorna, dos seres vivos e as súas características	X	X	X
ET.6 - Educación en valores	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e sustentable	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X
ET.9 - Educación non sexista, igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X

Observacións:

Os temas transversais traballaránse ao longo de todo o curso. Son elementos imprescindibles do currículo e terémolos presentes no día a día. Traballarémolos por exemplo partindo dos hábitos diarios(aseo, merenda....) e do mesmo xeito na resolución pacífica de conflitos e nunha serie de actividades programadas a nivel de centro.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebracións	O Samaín, O Magosto, O Nadal, Entroido, Festivais....	X	X	X
Conmemoracións	Día da Paz, Día da Arbore, Rosalía, Letras Galegas, semana da prensa....		X	X
Saídas a Contorna	Visitas lúdico-pedagóxicas			X

Observacións:

Participaremos en tódalas actividades promovidas pola biblioteca do centro, polo departamento de normalización e polo equipo de actividades extraescolares.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Na planificación das actividades tivéronse en conta os coñecementos previos así como as características dos nenos/as.
O nivel de dificultade foi axeitado as características do grupo.
Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Conseguíuse a motivación e a participación dos nenos e nenas.
Contouse coa implicación e participación das familias.
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Os tempos foron flexibles respectando as características individuais do alumnado.
Os materiais e recursos foron os axeitados.
A metodoloxía foi a axeitada para acadar con éxito os obxectivos da programación.
Houbo coordinación co equipo de docentes de educación infantil así como co resto de profesores e equipos do centro.

Descrición:

Os indicadores de logro establecidos pretenden ser un referente para guiar o proceso de ensino aprendizaxe; unha autoavaliación necesaria para valorar o nivel de cumprimento da programación e a súa idoneidade.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación tendo como referente os indicadores de logro. Atenderemos aos distintos apartados da programación avaliando o seu grado de cumprimento e faremos constar as melloras que consideremos sexan necesarias. Para isto teremos en conta a observación directa e sistemática, utilizaremos diario de aula así como rexistros de observación.

9. Outros apartados